

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE****Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común**

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03

Resolución de 26 de xuño de 2002, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña pola que se resolve o expediente nº 374 que afecta ó monte "Neme e Longo", da parroquia de Cances, nas parroquias de Cances e Oza, concello de Carballo:

"Reunido o 26 de xuño de 2002 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a presidencia do delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente, D. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes, coa asistencia dos vocais, Josefa Fernández Fernández, xefa do Servicio de Montes e I.F., Alfonso Vázquez Castro-Garma, letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta de Galicia, Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, José Manuel Caramés Franco, representante das comunidades veciñais de Montes en Man Común, e da secretaria Ana María Díaz López, xefa do Servicio Xurídico da Delegación de Medio Ambiente da Coruña, para estudar e resolve-lo

Expediente: 374
Monte: Neme e Longo
Comunidade: PA de Cances
Parroquia: Cances e Oza
Concello: Carballo

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Dona Isabel Lista Castro, no seu nome e en representación dos veciños da parroquia de San Martiño de Cances, no concello de Carballo, solicitou deste Xurado con data 29.06.2001, a declaración como veciñal da expresada parroquia, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 37,59 Ha.
Lindeiros:

A) Monte Neme. Situado na parroquia de Oza. É parte do monte Neme, nº 47 do C.U.P.

NORTE: Monte Carballeiras, na parroquia de Razo. LESTE: Pista que o separa de mais monte Neme, da parroquia de Oza. SUR: Muro que o separa de fincas particulares de veciños de Oza. OESTE: Pista e rego que o separa de fincas particulares de veciños de Cances.

B) Monte Longo. Situado na parroquia de Cances. É parte do monte Longo, nº 46 do C.U.P.

NORTE: Termo do concello de Malpica, e monte Carballeiras, na parroquia de Razo. LESTE: Muro de pedra que o separa de fincas particulares de veciños de Cances. SUR: Muro de pedra que o separa de fincas particulares de veciños de Cances. OESTE: Muro de pedra que o separa de fincas particulares de veciños de Cances.

20. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión do 12.07.2001, acordou inicia-lo oportuno expediente, nomeándose como Instructora del a Ana María Díaz López, quen aceptou expresamente o dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Carballo, oídas tódalas persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ó alcalde presidente do concello de Carballo, ó xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 232 de 30.11.2001), taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume.

30. Os veciños da parroquia de Cances fundamentan a súa petición ante o Xurado na pertenza de ditos montes desde tempo inmemorial, en réxime de man común, utilizándose sin asignación de cotas para pasto de animais, recollida de toxo e leña, etc. Aportan copia de acta de manifestacións de veciños de avanzada idade na que afirman tal condición, copia de escrituras con referencias á existencia de monte aberto ou veciñal, así como documentos relativos ao aproveitamento de tales montes polos veciños de Cances.

Non se verifican os antecedentes no Catastro do Marqués da Ensenada, posto que a certificación obrante no expediente corresponde aos montes da parroquia de Cambre, no veciño concello de Malpica. Tampouco consta que o monte Dos Regueiros ou dos Muíños, obxecto de expediente de calificación a instancia do concello de Carballo, coincida con algún dos montes do presente expediente.

40. Ante este expediente formulou alegación o Concello de Carballo, que en sesión do 26.12.2001 do Pleno da corporación, acordou opoñerse a calificación de tales montes, baseándose na condición de comunais dos mesmos, e na posesión e dominio que ten sobre eles desde tempo inmemorial. Achega copia de diversa documentación: expedientes de 1861 e 1867 de averiguación dos montes de aproveitamento veciñal para solicitude de exclusión da venda polas leis desamortizadoras, relación dos bens comunais do concello do ano 1923, acordo do pleno de 1943 para adhesión ao consorcio para repoboación, acódo do pleno de 31.12.1963 para a inclusión no inventario de Bens coa clasificación de comunais, certificación da inscrición co mesmo carácter de comunais no Rexistro da Propiedade de Carballo, desde o 27.06.1964. Finalmente, alegan diversos actos de disposición realizados sobre tales montes.

5º. Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de procedemento administrativo e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º. De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, os veciños da parroquia de Cances son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento do 4 de setembro de 1992).

4º. Unha vez examinada a documentación e informes aportados ao expediente, o instructor propoñe á consideración do Xurado as seguintes conclusións:

a) Os montes Neme e Longo figuran xa desde 1861 no inventario dos montes de aproveitamento veciñal do Concello de Carballo e no expediente de información de perpetua memoria de 1867, elaborados ambos coa finalidade de defende-lo seu carácter comunal fronte as leis desamortizadoras. Neste expediente o concello recoñece o "dominio útil" dos veciños sobre tales montes, é dicir, o aproveitamento por parte dos veciños desde tempo inmemorial, ao mesmo tempo que se presenta como titular do "dominio directo", acreditando tal condición co testemuño de veciños das respectivas parroquias.

En 1901 ambos montes incorporáronse ao Catálogo de Utilidade Pública da provincia, coa atribución da pertenza do monte Neme á parroquia de Oza, e a do monte Longo á parroquia de Cances. Sen embargo, o concello mantivo a súa condición de titular coa mesma consideración de comunais, e como tales aparecen na relación dos bens comunais de 1923.

A partir do acordo do pleno do concello de 08.11.1943, os montes Neme e Longo quedaron incluídos no consorcio para repoboación entre a Deputación e o Patrimonio Forestal. Este feito orixinou a participación nos aproveitamentos forestais e a conseguinte percepción de beneficios por parte do concello, nunha época en que disminuían notablemente os aproveitamentos por parte dos veciños. Esta situación foi determinante para que a partir do acordo de 31.12.1963 para actualización do Inventario de Bens, tales montes se inscribieran como comunais de pertenza do concello de Carballo, accedindo ao Rexistro da Propiedade co mesmo carácter, sen que houbera reclamación algunha durante o correspondente período de información pública. Desde entón non houbo variacións significativas na situación xurídica de tales montes.

b) Os aproveitamentos alegados polos veciños da parroquia de Cances non tiveron un carácter exclusivo, debido ao uso que ten feito do monte Neme os veciños da parroquia de Oza, conforme ao recoñecemento da pertenza á citada parroquia no expediente de deslindamento. Tales aproveitamentos viñeron diminuindo progresivamente no tempo ata casi desaparecer a partir dos anos sesenta, sendo marxinais fronte aos aproveitamentos forestais realizados en virtude do consorcio co patrimonio forestal, e o posterior coa Xunta de Galicia, todavía vixente no monte Neme. Por outro lado, o concello ven realizando diversos actos de disposición sobre tales montes, autorizacións para dereitos de caza e repoboación, vertedoiros, etc.


c) A vista dos escritos motivados dos dereitos de ambas partes, o Xurado estima que os dereitos que se alegan nos aproveitamentos que poideran ter sobre o monte os veciños de Cances, así como os do concello de Carballo mantindo o seu dereito de propiedade e non recoñecendo o acto posesorio da comunidade solicitante, implica que, o neste plantexado, é cuestión relativa ao dominio de tales montes, da competencia exclusiva dos Tribunais da Xurisdicción Ordinaria, a sustanciar polos trámites do xuízo declarativo ordinario que corresponda.

Por iso, éste Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, por proposta do Instructor,

ACORDA non calificar como veciñal en man común o monte Neme e Longo afectado por este expediente".


A Coruña, 12 de xullo de 2002

Vº e Pr.
O PRESIDENTE DO XURADO,



Asdo. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes

A SECRETARIA DO XURADO,



Asdo. Ana María Díaz López



LUCIA ASENJO SANZ..... SECRETARIO
JUZGADO DE 1.ª INSTANCIA nº 1 DE CARBALLO. (LA CORUÑA)-
DOY FE Y TESTIMONIO: Que en el JUICIO ORDINARIO
número 79 del año 2.003, de este Juzgado, aparecen,
entre otros, los siguientes particulares:

JUZGADO DE PRIMERA INSTANCIA
Nº1 DE CARBALLO

Procedimiento: Juicio Ordinario 79/03



SENTENCIA

Carballo, 8 de diciembre de 2003

Vistos por mí, M^a Estefanía Cambón Rodríguez, Juez del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción Nº1 de los de esta localidad y su partido, los autos de Juicio Ordinario Nº 79/03, seguidos en virtud de demanda presentada por la Procuradora de los Tribunales Sra. Buño Vázquez, en nombre y representación de Xunta Promotora dos Montes Veciñais en Man Común da Parroquia de Cances-Carballo, asistida del Letrado Sr. Díaz Cadaveira, contra Ayuntamiento de Carballo.

ANTECEDENTES DE HECHO

PRIMERO.- Con fecha 24 de febrero de 2003, la representación de la parte actora presentó escrito de demanda en el Decanato para su reparto, cuyo conocimiento fue turnado a este Juzgado. En la demanda, tras exponer los hechos y fundamentos de derecho que consideraba aplicables, solicitaba que, previos los trámites legales oportunos, se dictara en su día sentencia en los términos contenidos en el Suplico de la misma.

SEGUNDO.- Por Auto de 19 de marzo de 2003 se admitió a trámite la demanda y se acordó dar traslado de la misma a la demandada, emplazándola para que la contestase en el plazo de veinte días.

TERCERO.- Mediante escrito presentado el día 24 de abril de 2003, la representación de la demandada contestó oponiéndose a la demanda formulada. En dicho escrito, tras exponer los hechos y fundamentos de derecho que consideraba de aplicación, solicitaba que se dictase sentencia desestimando íntegramente la demanda e imponiendo a la actora las costas causadas.

CUARTO.- El día 21 de julio de 2003 tuvo lugar la celebración de la Audiencia Previa. En ella, tras resolver sobre la proposición de prueba, se fijó para la celebración del juicio, el día 3 de noviembre. El día señalado se celebró la vista y una vez practicada la prueba quedan los autos vistos para sentencia

expresa a las cuatro provincias gallegas- que dichos "montes pertenecientes en mano común a los vecinos de las consuetudinarias demarcaciones parroquiales" "serán vinculados a los ayuntamientos respectivos", pero no por ello debe entenderse que se atribuye su titularidad

Por su parte, los testigos que declaran a instancia de la demandada, D. Jesús Javier Rey Gómez y D. Antonio Docampo Campos, manifiestan que el monte objeto del litigio no era utilizado por los vecinos. Sin perjuicio de la vinculación -puesta de manifiesto por la actora- de los testigos respecto al Ayuntamiento de Carballo y del hecho de que el Sr. Docampo no es natural de Cances y estuvo un año viviendo en Suiza, según él mismo reconoce, su declaración es contradicha por lo manifestado notarialmente por los vecinos de la parroquia de Cances que recuerdan, desde su infancia, cómo estos montes eran utilizados exclusivamente por los vecinos de Cances, incluidos ellos mismos y se mantuvo, aunque con menor intensidad desde los años setenta.



Por último, señalar que son elementos característicos de los montes vecinales en mano común, de conformidad con los artículos 1 de la Ley 13/1989 y 14 de la Ley 4/1995, su pertenencia a agrupaciones vecinales en su calidad de grupos sociales y no como entidades administrativas ni como organización en el sentido entendido por la demandada y su aprovechamiento consuetudinario por los miembros de aquellas en su condición de vecinos con casa abierta y con humo, elementos acreditados en el presente caso.

QUINTO.- Conforme a lo establecido en el art. 394.1 de la LEC, procede imponer las costas a la demandada

Para hacer constar que esta copia es fiel al texto del original.



Funcionario/a,


Asda: Iva Sánchez González

FALLO

DEBO ESTIMAR Y ESTIMO ÍNTEGRAMENTE la demanda presentada por la Procuradora Sra. Buño Vázquez, en nombre y representación de Xunta Promotora de los Montes Vecinales en Mano Común de la Parroquia de Cances-Carballo, contra el Ayuntamiento de Carballo, y DEBO DECLARAR Y DECLARO la titularidad de las parcelas denominadas Monte Neme y Monte Longo, según se delimitan en el levantamiento topográfico que consta en autos, como montes vecinales en mano común de los vecinos de la parroquia de San Martiño de Cances, con imposición a la demandada de las costas causadas..

Notifíquese esta resolución a las partes.

Contra esta resolución cabe interponer recurso de Apelación ante la Il.ª Audiencia Provincial de A Coruña, que habrá de prepararse ante este Juzgado en el plazo improrrogable de cinco días, a contar desde el siguiente a su notificación, presentando al efecto el correspondiente escrito, que se limitará a citar la resolución apelada y a manifestar su voluntad de recurrir con expresión de los pronunciamientos que impugna.



Monte Veciñal
Parroquia de Cances

Cuadro de Superficies en Ha

	Parcela I	Parcela II	Total
Cabida Total	30,67	11,35	42,02
Cabida Enclavados	3,59	0,00	3,59
Cabida MVMC	27,08	11,35	38,43

Sup. perteneciente a Monte Carballeiras

Parcela I	Parcela II	Total
1,23	0,44	1,67

Escala 1:5.000

O xefe de área de
Montes Veciñais en Man Común

[Handwritten Signature]